

RÚA EXT-CÉNICA

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música electrónica, circo, danza contemporánea, teatro de rúa... que intentarán transformar a rúa nun escenario propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

Para público familiar e adulto.

Entrada de balde.

Venres
14 de xullo

20.00 horas: Hermanos Infoncundibles.

“Diábolo Clasic Metal” (circo) 60´

Parque José Martí (Sta. Cristina)

21.30 horas: Jean Philippe Kikolas. “Sin remite”

(circo-teatro) 55´ Praza afundida (Sta. Cristina)

Sábado
15 de xullo

20.00 horas: Marta Alonso Tejada. “Sofá”

(danza contemporánea) 55´

Praza de Esther Pita (Sta. Cruz)

21.30 horas: THE NUNZIA'S (Rock Cover Band) (música)

Praza do Castelo (Sta. Cruz)

Domingo
16 de xullo

12.30 horas: Teatro Ghazafellos.

“As minas do Rei Salomón” (teatro de rúa) 50´

Miradoiro de Santa Ana (Mera)

21.00 horas:

• Cía. Tuatha-Dovea: **“D`Onde Vem Ese Aturuxo?”**

• Cía. Laboratorio Escénico: **“Blues de Medianoite”**

• Cía. Exire: **“Fugaces”**

(danza contemporánea) Parque José Martí (Santa Cristina)

RÚA EXT-CÉNICA

VII Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 14 ao 16
de xullo de 2023

► Venres 14 de xullo

ás 20.00 h: **HERMANOS INFONCUNDIBLES / Diábolo Clasic Metal** (circo)

Parque José Martí (Santa Cristina)

Dirección: Daniel Foncubierta. **Elenco:** José Alberto e Daniel Foncubierta. **Procedencia:** Andalucía.

Duración: 60 minutos. **Destinatarios/os:** todos os públicos.

Sinopse: O concerto está a punto de comezar. Os excéntricos irmáns terminan de preparalo todo cunha calculada desorde. Pero aínda queda unha dúbida: Se Beethoven naceuse hoxe... sería roqueiro ou malabarista?. Efectivamente, eles tampouco o saben. Atopámonos unha vez máis ante unha estraña mestura entre a música, o circo e o humor..., sobre todo humor.

ás 21.30 h: **JEAN PHILIPPE KIKOLAS / Sin remite** (circo-teatro)

Praza afundida (Santa Cristina)

Dirección: Quique Méndez. **Elenco:** Quique Méndez. **Procedencia:** Burgos. **Duración:** 55 minutos.

Destinatarios/os: todos os públicos.

Sinopse: Un espectáculo de circo, teatro e humor xestual. Unha personaxe sen palabras, que esperta un aire de nostalgia. Un xogo coa escena, os obxectos e o público. Con esta premisa de xogo preséntase *Sin Remite* que a través de técnicas como o teatro xestual, comedia slapstick ou diferentes gags visuais, introdúcenos no seu particular mundo e achéganos a un oficio que cada vez nos parece máis distante.

► Sábado 15 de xullo

ás 20.00 h: **MARTA ALONSO TEJADA / Sofá** (danza contemporánea)

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

Autoría: Marcos PTT Carballido, Marta Alonso Tejada e Pablo Reboleiro Rama. **Dirección:** Marcos PTT Carballido. **Elenco:** Marta Alonso Tejada e Pablo Reboleiro Rama. **Procedencia:** Galicia.

Duración: 55 minutos. **Destinatarios/os:** todos os públicos.

Sinopse: Este espectáculo fala dunha parella e do seu sofá. A parella son Marta e Pablo, dúas persoas normais. O sofá é o lugar no que descansan e esquecen o que está fóra. O mundo: traballo mal remunerado, guerra, ameazas nucleares, catástrofes ecolóxicas, virus asasinados invisibles, normas arbitrarias, pobreza, esgotamento. Pablo e Marta están enfermos de cansazo e aburrimiento. Pero téñense a unha ao outro, teñen un sofá, e saben bailar. Non todo está perdido.

ás 21.30 h: **THE NUNZIA'S (Rock Cover Band) / Concerto**

Praza do Castelo (Santa Cruz)

Procedencia: Galicia. **Destinatarios/os:** todos os públicos. **Elenco:** Voz: Nunzia Giannotta.

Guitarra: Jacobo Paz. **Guitarra:** Zeus. **Baixo:** Johnny. **Teclado:** Joel. **Batería:** Steven

Sinopse: The Nunzia's Rock Cover Band nace como un dos proxectos máis ambiciosos de Banda de Versións. Liderada pola cantante italiana Nunzia Giannotta, rende homenaxe aos éxitos mundiais de Rock'n Roll como ACDC, Tina Turner, Queen, Guns N' Roses... O estilo musical de The Nunzia's é toda unha fusión de rock'n roll e pop rock.

► Domingo 16 de xullo

ás 12.30 horas: **TEATRO GHAZAFELHOS / As minas do Rei Salomón**

(Teatro de rúa). Miradoiro de Santa Ana (Mera)

Autoría: Pepablo Patinho. **Dirección:** Pepablo Patinho. **Elenco:** Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho e Pablo Sánchez Pablísimo. **Procedencia:** Galicia. **Duración:** 50 minutos.

Destinatarios/os: todos os públicos.

Sinopse: Esta peza de Teatro Ghazafelhos parodia as películas de aventuras en África producidas en Hollywood na década dos 50. Quatermain, un cazador contratado por un magnate estadounidense debe atopar as lendarias minas do rei Salomón e para iso emprende unha viaxe na que non faltarán os avións de hélices, as loitas con feras e o encontro co mesmísimo Tarzán.

ás 21.00 h: **Cía. Tuatha-Dovea / D'Onde Vem Ese Aturuxo? • Cía. Laboratorio escénico / Blues de medianoite • Cía. Exire / Fugaces.** (Danza contemporánea)

Parque José Martí (Santa Cristina)

• **Cía. Tuatha-Dovea:**

D'Onde Vem Ese Aturuxo?

Creación e dirección: Tuatha.

Elenco: Eloi García e Myriam González.

Procedencia: A Coruña (Galicia).

Duración: 14 minutos.

Destinatarios/os: Todos os públicos.

Sinopse: É o primeiro espectáculo para espazos non convencionais da compañía Tuatha. Trátase dunha recolección dos significados que ten para nós a escoita, un percorrido por situacións nas que non fomos escoitados, pero tamén unha volta a aqueles lugares onde esta vén intrínseca, desde nós e desde fóra.

• **Cía. Laboratorio escénico:**

Blues de medianoite

Creación, dirección e interpretación: Alba Fernández.

Deseño espazo sonoro: Jas Processor.

Asesoramento artístico: Alfredo Pérez.

Asesoramento coreográfico: Estefanía Gómez e Alejandra Balboa.

Procedencia: Galicia. **Duración:** 20 minutos

Destinatarios/os: todos os públicos.

Sinopse: Blues de medianoite entra, a ritmo de blues, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento, na música e nos instintos. A chamada da terra que pon en valor as grandes mulleres do blues e a riqueza rítmica que vén directamente de África, sempre desde un filtro persoal. Isto é, o meu blues.

• **Cía. Exire: Fugaces**

Creación e interpretación: Estefanía Gómez e música en directo de **Xa'Lum**.

Procedencia: Galicia. **Duración:** 15 minutos.

Destinatarios/os: todos os públicos.

Sinopse: Estás segura de que o tempo non caduca? porque eu vin caerse os minutos como suspiran as árbores no outono. Espértome e intento pensar que estou a vivir o que quero, que nese pulso que se vai, son eu máis que o anterior. Pero é que é pensar en tempo e chegar a unha parede na que está escrito: Non existo, non existes. O tempo inventámonolo.